

INFORMACIÓN SOBRE AXUDA/SUBVENCIÓN.

MR361A INVERSIONES PARA LA
ELABORACIÓN E
COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS
VITIVINÍCOLAS **2024**




www.agronovo.es



Obxectivos

Elabórase este documento para satisfacer a súa consulta de con respecto a:

- Solicitud de información para a realización de investimentos en 2024.
- Os investimentos estarán relacionadas co proceso produtivo, calidade, comercialización, administración ou outras.



CONDICIONANTES

TIPOLOXÍA

- Para investimentos tanxibles ou intanxibles que axuden a alcanzar algún dos obxectivos estratéxicos indicados nas bases reguladoras.

DURACIÓN

- 1 ano (tope execución o 30/04/2025).

BENEFICIARIOS

- a) As empresas vitivinícolas (producción e/ou comercialización).
- b) As organizacións de produtores vitivinícolas.
- c) As asociacións de dúas ou máis produtores, con personalidade xurídica.
- d) As organizacións interprofesionais.
- e) As organizacións profesionais.

PRODUTOS OBXECTO DOS INVESTIMENTOS

1. Viño
2. Viño en proceso de fermentación
3. Viño de licor
4. Viño espumoso
5. Viño espumoso de calidade
6. Viño espumoso aromático de calidade
7. Viño espumoso gasificado
8. Viño de agulla
9. Viño de agulla gasificado
10. Mosto de uva
11. Mosto de uva parcialmente fermentado
12. Mosto de uva parcialmente fermentado procedente de uva pasificada
13. Mosto de uva concentrado
14. Mosto de uva concentrado rectificadado
15. Viño de uvas pasificadas
16. Viño de uvas sobremaduradas
17. Vinagre de viño

GASTOS SUBVENCIONABLES

(ver seguinte páxina para relación completa)

- a) Investimentos relacionados coa produción (transformación, envasado, etiquetado): cámaras de frío, outras instalacións, maquinaria e equipos, obra civil.
- b) Investimentos relacionados co control de calidade: laboratorios e a súa dotación, maquinaria e equipos, equipos de trazabilidade o control de calidade, software de xestión de bodega.
- c) Investimentos relacionados coa comercialización (establecementos, almacenes, oficinas): obra civil, maquinaria e equipos, software, hardware...
- d) Investimentos relacionados con usos administrativos e/ou xerais : obra civil, instalacións e equipos.

Os investimentos deberán manterse **5 anos**.

Antes da solicitude da axuda **NON** se poderán realizar investimentos, salvo redacción de proxectos ou provisión de material de obra, encargo ou subministración de maquinaria.

IMPORTE DA AXUDA

Para Pemes, o máximo é do **40%** dos custos. Depende do total de solicitudes o importe das mesmas. Se chega para todos os expedientes, pagan o 40%, se non, rebaixan para todos e podería quedar entre 30 e 40%, por exemplo.

COMPATIBILIDADE

Incompatible con calquera outra axuda.

IMPORTE MÍNIMO

(ver seguinte páxina para relación completa)

O orzamento de investimento será **igual ou superior a 100.000 €**.

Para investimentos **entre 60.000 e 100.000 €**, deberá solicitarse a **axuda de Transformación e comercialización (MR340A)**

GASTOS SUBVENCIONABLES

(listado completo)

1. Inversión directamente destinada á produción de produtos vitivinícolas (desde a transformación da uva ata o embotellado, ou envasado, e etiquetaxe do produto vitivinícola na adega):

- a. Inversións en cámaras de almacenamento frigorífico.
- b. Inversións noutras instalacións da adega.
- c. Inversións en obra civil:
 - i. Construción de novos inmobles.
 - ii. Mellora de inmobles.
 - iii. Adquisición de inmobles.
- d. Inversións en compra de maquinaria e/ou equipos:
 - i. Maquinaria e/ou equipos para a transformación da uva (pesaxe, prensado, etc.).
 - ii. Maquinaria e/ou equipos de fermentación e/ou vinificación.
 - iii. Maquinaria e/ou equipos de tratamento de viños e mostos (filtración, sedimentación, clarificación, etc.).
 - iv. Maquinaria e/ou equipos de control de temperatura.
 - v. Equipos para o movemento e tratamento do viño en adega.
 - vi. Equipos para almacenamento, mestura, coidado posterior e envellecemento do viño.
 - vii. Equipos xerais para o embotellado, envasado, etiquetaxe e embalaxe.

viii. Equipos específicos para a produción, almacenamento, embotellado e acondicionamento de viños espumosos.

ix. Software para a xestión da adega.

x. Equipos para a xestión de augas residuais e outros residuos.

e. Custos xerais relacionados cos investimentos descritos neste punto 1.

2. Inversión directamente relacionados co control de calidade:

- a. Inversións en construción de laboratorios e dotación.
- b. Inversións en maquinaria e equipos, incluído o software para o control de calidade das materias primas, dos produtos e das condicións de produción e conservación.
- c. Inversións en equipos destinados a introducir normas de calidade ou sistemas de rastrexabilidade voluntarios, mesmo no caso de viños ecolóxicos.
- d. Custos xerais relacionados cos investimentos descritos neste punto 2.

3. Inversión directamente relacionados coa comercialización de produtos vitivinícolas:

- a. Inversións en establecementos de presentación e venda:
 - i. Obra civil, incluída a urbanización exterior (construción de novos inmobles, mellora de inmobles ou adquisición de inmobles). En relación á urbanización exterior, só inclúe a explanación e urbanización cando se proxecte tamén unha superficie nova construída, entre o límite da parcela e o establecemento.
 - ii. Maquinaria e equipos, incluído software.

GASTOS SUBVENCIONABLES

(listado completo)

- b. Inversións en almacéns, centros lóxísticos e oficinas comerciais:
 - i. Obra civil, incluída a urbanización exterior (construción de novos inmobles, mellora de inmobles ou adquisición de inmobles). En relación á urbanización exterior, só inclúe a explanación e urbanización cando se proxecte tamén unha superficie nova construída, entre o límite da parcela e o establecemento.
 - ii. Maquinaria e equipos, incluído software.
- c. Inversións en equipos para a lóxística e a comercialización dos produtos vitivinícolas.
- d. Hardware, software, e plataformas web para comercio electrónico destinadas exclusivamente aos produtos vitivinícolas.
- e. Rexistro de marcas colectivas.
- f. Custos xerais relacionados cos investimentos descritos neste punto 3.

4. Inversións directamente relacionados con usos administrativos e/ou xerais:

- a. Inversións en obra civil, incluída a urbanización exterior:
 - i. Construción de novos inmobles.
 - ii. Mellora de inmobles.
 - iii. Adquisición de inmobles.
- b. Inversións en subministracións enerxéticas e acometidas de servizos (xeradores, transformadores, liñas eléctricas, subministración de auga, etc.)
- c. Inversións noutras instalacións e equipos, incluído software:
 - i. De uso administrativo.
 - ii. De xestión empresarial.
- d. Custos xerais relacionados cos investimentos descritos neste punto 4.

PASOS E PRAZOS

Procedemento	Prazo	Notas
Solicitude da axuda	Ata 31/01/2024	
Requirimentos	10 días	En caso de faltar ou corrixir documentación
Resolución	6 meses máximo dende Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural	A conferencia será en xullo, pero resolven rápido dende esa data
Aceptación	1 mes	
Modificación	Antes de 01/02/2025	
Execución	Antes de 01/05/2024 ou 01/05/2025	
Xustificación	Antes de 01/05/2024 ou 01/05/2025	



PRESENTACIÓN DE AGRONOVO

Agronovo, empresa especializada na alimentación de calidade certificada, e especialmente a ecolóxica, exerce a súa actividade desde o ano 2003 para toda Galicia, con ampla experiencia e profesionalidade.

A nosa área de actuación é a xestión técnica, administrativa e financeira de explotacións, asociacións e empresas agroalimentarias, así como o apoio mediante asesoramento técnico ás mesmas. Outros servizos comprenden a xestión de subvencións, impartición de cursos, organización de eventos, realización de estudos de mercado e de desenvolvemento rural, plans de empresa para emprendedores ou de redefinición de negocio, entre outros.

Este traballo realizado desde Agronovo permite cada ano novas incorporacións de autónomos e empresas ao sector da agricultura, así como ampliación de negocios existentes.

Contacta connosco

AGRONOVO ECOLOXIA S.L.



Camiño Real 72-74 Entlo.

CP 27004 Lugo

Tlf. 982 246 762

www.agronovo.es

info@agronovo.es

